



**Ana Patricia Torres Madureira**, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Popular na Deputación de Ourense, con base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN EN DEFENSA DO TERMALISMO TERAPÉUTICO COMO RECURSO SANITARIO ESTRATÉXICO**, para o seu debate no pleno da corporación, tendo en conta a seguinte

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A provincia de Ourense constitúe un referente histórico, natural e sanitario no ámbito do termalismo, sendo un dos territorios con maior concentración de augas termais de Europa e cunha tradición consolidada no uso terapéutico destes recursos.

O noso territorio provincial conta cunha rede de establecementos e mananciais cun potencial extraordinario non só desde o punto de vista turístico e económico, senón tamén como instrumento complementario no ámbito sanitario.

Nun contexto marcado polo progresivo envellecemento da poboación, o incremento das enfermidades crónicas e a necesidade de avanzar cara a modelos de atención máis preventivos, integrais e centrados na calidade de vida, o termalismo terapéutico pode desempeñar un papel relevante como ferramenta de apoio no tratamento da dor crónica, patoloxías reumatolóxicas, procesos de rehabilitación funcional e mellora do benestar das persoas maiores ou en situación de dependencia.

A lexislación sanitaria de diversos Estados europeos inclúe as terapias balnearias dentro das prestacións dos seus Sistemas Nacionais de Saúde ou nos seus seguros médicos. Así sucede, por exemplo, en países como Portugal, Italia ou Francia, onde a balneoterapia é considerada unha ferramenta complementaria no tratamento de determinadas doenzas e procesos crónicos.

En España, a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, describe a estrutura da carteira de servizos sanitarios, que se organiza nunha

carteira común de servizos e nas carteiras complementarias que poden establecer as comunidades autónomas no exercicio das súas competencias.

Porén, o artigo 5.4 do Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, no marco do articulado polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, dispón expresamente que “non se incluírán na carteira de servizos comúns: a) Aquelas técnicas, tecnoloxías ou procedementos: 4.º Que teñan como finalidade meras actividades de lecer, descanso, confort, deporte ou mellora estética ou cosmética, uso de augas, balnearios ou centros residenciais ou outras semellantes”.

Esta redacción normativa exclúe, polo tanto, a posibilidade de que as terapias balnearias poidan incorporarse á carteira común de servizos, sen que nin sequera se valore previamente se estes procedementos reúnen os requisitos técnicos e de calidade esixidos con carácter xeral para a incorporación dunha técnica sanitaria ao Sistema Nacional de Saúde.

Esta equiparación da balneoterapia con actividades alleas ao ámbito sanitario reflicte un certo prexuízo cara ao contido e significado das actividades terapéuticas desenvolvidas nos establecementos balnearios.

Non obstante, a propia normativa estatal permite considerar a posibilidade de incorporación futura destas terapias a través das carteiras complementarias autonómicas.

As comunidades autónomas, no exercicio das súas potestades de autogoberno, poden incorporar técnicas, tecnoloxías ou procedementos que non estean incluídos na carteira común de servizos. O artigo 11.2 do Real Decreto 1030/2006 regula os requisitos que deben reunir aquelas prestacións que se vaian incorporar á carteira complementaria dunha comunidade autónoma, indicando que deben cumprir “os mesmos requisitos establecidos no artigo 5”.

O artigo 5.1 do Real Decreto esixe ter en conta criterios como a seguridade, eficacia, eficiencia, utilidade terapéutica, así como o impacto organizativo e económico. En concreto, estas técnicas deben contribuír de forma eficaz á prevención, diagnóstico ou tratamento de

enfermidades, á eliminación ou diminución da dor e ao aumento do auto valeamento das persoas.

Así mesmo, o procedemento para a incorporación destas prestacións ás carteiras complementarias autonómicas está recollido no artigo 8 quinquies da Lei 16/2003 e desenvolvido no artigo 11 do Real Decreto 1030/2006, prevéndose a necesidade de garantir suficiencia financeira e informar ao Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

En consecuencia, e atendendo ao carácter prestacional do dereito á protección da saúde, resulta oportuno instar ás administracións competentes a revisar o marco normativo e abrir a porta á incorporación progresiva das terapias balnearias como recurso sanitario complementario.

A Deputación Provincial de Ourense, como institución representativa dun territorio que é símbolo do termalismo en Galicia e en España, debe liderar esta reivindicación, promovendo unha visión moderna do termalismo como activo estratéxico para a saúde pública, o benestar social e o desenvolvemento territorial sostible.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

#### **ACORDOS:**

**1º.** Instar á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) a solicitar ao Goberno de España a supresión do termo “balneario” no punto 4º do apartado a) do artigo 5.4 do Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, co fin de evitar a súa equiparación con actividades de ocio ou confort alleas á prestación sanitaria.

**2º.** Instar á Xunta de Galicia a realizar un estudo para a inclusión progresiva das terapias balnearias na carteira complementaria de servizos da Comunidade Autónoma, unha vez aprobada polo Goberno de España a supresión do termo “balneario” no punto 4º do apartado a) do artigo 5.4 do Real Decreto 1030/2006, do



DEPUTACIÓN  
DE OURENSE

15 de setembro, como se indica no punto 1º dos acordos, no marco da carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde.

Ourense, 11 de febreiro de 2026.

Asdo. Ana Patricia Torres Madureira.

---

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**